

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA, A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA A AMPLIACIÓN, OPERACIÓN E XESTIÓN DA REDE DE VIXILANCIA DOS ESPAZOS FORESTAIS DE GALICIA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027 (proposta núm. 104/25-I)

REUNIDOS

Dunha parte, M^a José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, que actúa por conta e en representación da Consellería do Medio Rural, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, en exercicio das atribucións conferidas no artigo 26 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, actuando en nome e representación de dita Axencia, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, Maria Pilar Chapela Villanueva, directora xerente de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (RETEGAL), en nome e representación da mesma e facultada para este acto en virtude da súa condición de Apoderada, segundo consta en escritura pública de data 23 de abril de 2021, outorgada ante o notario de Santiago de Compostela, D. José Manuel Amigo Vázquez, co número 1.125 do seu protocolo.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Dirección Xeral de Defensa do Monte, dependente da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, é a dirección xeral encargada de levar a termo as actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes contra os incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, exercendo, entre outras, as funcións de:

- Planificación, programación, avaliación e seguimento de medidas e accións de defensa dos montes contra os incendios forestais.
- Elaboración de estudos de análises de causalidade e planificación preventiva.
- Coordinación de medios na loita contra os incendios forestais.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte dispón de infraestruturas distribuídas ao longo da xeografía galega, ubicadas en emprazamentos próximos ás parroquias de alta actividade incendiaria (en diante, PAAI), para



acometer os labores de detección, defensa e protección contra incendios forestais, mediante o establecemento de puntos de vixilancia fixa, estacións repetidoras de comunicación e bases de medios aéreos.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte é a unidade xestora da intervención programada pola Consellería do Medio Rural no marco do Plan Estratégico da PAC (PEPAC) 2023-2027, **68812**: Investimentos forestais en prevención de danos e dentro dela, na subintervención 68812_06, Comunicacóns, Vixilancia, zonas de aterraxe e investigación, que cofinancia este convenio.

Segundo.- Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante AMTEGA) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

A AMTEGA está adscrita á Consellería de Facenda e Administración Pública e conta con personalidade xurídica diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión nos termos establecidos pola normativa vixente e ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Os seus estatutos atribúenlle entre outras competencias e funcións, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Terceiro. Que Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (RETEGAL), constitúe unha entidade das comprendidas non ámbito da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, adscrita á AMTEGA a través da área de Infraestruturas e Telecomunicacións, e creada para a prestación de servizos de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia.

Creada mediante Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, xestiona e explota infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións no ámbito territorial da Comunidade Autónoma. Así, Retegal constitúe unha



sociedade mercantil pública autonómica, declarada medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia, que ten por obxecto, con carácter xeral, a realización, por si ou a través de terceiros, da xestión e mantemento das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicación institucionais en Galicia.

RETEGAL xestiona unha rede de infraestruturas públicas de telecomunicacións distribuída por todo o territorio galego que é utilizada pola Consellería do Medio Rural e pola AMTEGA para o despregamento, operación e mantemento por esta última da **Rede de vixilancia de espazos forestais de Galicia**, mediante a instalación de cámaras na infraestrutura xestionada por RETEGAL.

Cuarto. Que a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 6 como unha das competencias da Xunta de Galicia: d) Programar e executar actuacións de prevención e loita contra os incendios forestais.

Así mesmo, o artigo 18.c) do mesmo corpo legal establece como un dos compoñentes das redes de defensa contra os incendios forestais o desenvolvemento da Rede de vixilancia e detección de incendios forestais.

O artigo 46 bis establece que a rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia incluírá a instalación de sistemas tecnolóxicos de detección de incendios mediante cámaras ópticas nos puntos do monte galego que se determinen, coa finalidade de facilitar as tarefas de vixilancia forestal do monte galego e detección temperá de incendios, así como, en caso de detectarse lumes, permitir a visualización en directo e o seguimento do avance, condicións e evolución dos mesmos a través de medios dixitais e imaxes xeoposicionadas (...).

A instalación dos sistemas de vixilancia realizarase con preferencia en torres de telecomunicacións e infraestruturas de titularidade da Administración autonómica ou do seu sector público, e priorizando os puntos que permitan a vixilancia forestal das parroquias de alta actividade incendiaria e zonas de alto risco definidas no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, todo iso sen prexuízo dos medios persoais e materiais de vixilancia xa existentes.

A rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia poderá ir incorporando as diferentes innovacións tecnolóxicas que permita en cada momento a evolución do estado da ciencia e da técnica, como capacidade de visión nocturna e imaxes térmicas, ao obxecto de ir mellorando a súa efectividade e eficiencia.

A operación da rede corresponderá á consellería competente en materia de prevención e defensa contra incendios forestais e o mantemento técnico á entidade do sector público competente en materia de modernización tecnolóxica de Galicia.

A Rede de vixilancia de espazos forestais de Galicia é un elemento fundamental para dar soporte aos labores de protección e vixilancia da masa forestal galega, así como para a optimización da coordinación dos medios, polo que resulta necesario manter o marco de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a AMTEGA e RETEGAL para o despregamento, operación funcional e/ou técnica e xestión da Rede de



vixilancia de espazos forestais de Galicia, así como para a prestación dos servizos de albergamento e de conectividade prestados por RETEGAL nos centros indicados no Anexo I.

Con data do 9 de xaneiro de 2018, a Consellería do Medio Rural, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., asinaron un convenio para o despregue da Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Os bos resultados deste convenio fan necesaria a ampliación e modernización da rede creada a partir do ano 2018.

Con datas 7 de agosto de 2019, 10 de xuño de 2021, 14 de decembro de 2021, 21 de marzo de 2022 e 30 de decembro de 2022, asináronse novas addendas a dito convenio de colaboración para o despregamento, renovación, operación e xestión da Rede de videovixilancia dos espazos forestais de Galicia.

A Rede de Videovixilancia dos espazos forestais de Galicia é un elemento fundamental para dar soporte aos labores de protección e vixilancia da masa forestal galega, polo que resulta necesario continuar o marco de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a AMTEGA e RETEGAL para o despregamento, operación e xestión da Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia, así como para a prestación dos servizos de albergamento e de conectividade prestados por RETEGAL nos centros indicados no Anexo I.

Tendo en conta o anterior, as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMERA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a AMTEGA e RETEGAL para a ampliación, o despregamento, operación funcional e/ou técnica e xestión da **Rede de vixilancia de espazos forestais de Galicia**, así como para a prestación dos servizos de albergamento e de conectividade prestados por RETEGAL nos centros indicados no Anexo I, así como naqueles outros que, en atención ás necesidades que poidan xurdir en cada momento, acorde a Comisión de Seguimento prevista neste convenio.

Por parte da Consellería do Medio Rural requírese:

1. A ampliación da Rede de Vixilancia de Espazos forestais de Galicia, así como a prestación dos correspondentes servizos de albergamento e de conectividade prestados por RETEGAL en 12 novos centros de telecomunicacións de titularidade pública xestionados por RETEGAL, indicados no Anexo I.



2. A integración na Rede de Vixilancia de Espazos Forestais de Galicia de 56 novas cámaras, das cales 17 cámaras xa están instaladas en bases aéreas de titularidade pública xestionadas pola Dirección Xeral de Defensa do Monte indicadas no Anexo I, e 39 son cámaras a instalar nas mesmas bases aéreas. Estas cámaras serán postas a disposición por parte da Dirección Xeral de Defensa do Monte. Para estas bases aéreas, un total de 19, non se contempla a prestación dos servizos de conectividade e albergamento.

Coa integración e instalación destas novas cámaras, así como os 12 novos centros xestionados por Retegal, conseguirase chegar:

	Situación actual	Con 12 novos centros	Con 19 novas bases aéreas
Nº de centros de Telecomunicacións	78	90	109
Nº Cámaras	157	181	237
Superficie con cobertura visual directa (simulación informática)	63,88% do territorio	66,68% do territorio	67,44% do territorio
Superficie con cobertura visual directa (simulación informática)	1,90 millóns ha.	1,98 millóns ha.	2 millóns ha.

3. A instalación, mantemento e operación técnica dos elementos tecnolóxicos necesarios para a vixilancia dos espazos forestais de Galicia, dos elementos de fixación e gravación, do software de xestión, e a integración de novas cámaras e elementos necesarios nas infraestruturas indicadas no Anexo I.
4. A adquisición e instalación das infraestruturas necesarias para a instalación das 39 novas cámaras propiedade da DX de Defensa do Monte nas 19 bases aéreas indicadas no Anexo I. A adecuación de infraestruturas comprende a subministración e instalación dos postes eléctricos, así como o equipamento e instalacións necesarios para o aseguramento do servizo de enerxía tales como rectificadores, inversores, baterías ou adaptacións dos cadros eléctricos necesarios para a instalación das cámaras.
5. A adquisición e instalación de seis vanos de enlace de microondas, incluídos os proxectos técnicos e a electrónica auxiliar (switches), necesarios para a dotación de conectividade ás cámaras instaladas nos novos centros a instalar.
6. O albergamento en torre con acceso ao punto de enerxía e a conectividade necesaria nos centros indicados no Anexo I.
7. O mantemento preventivo e correctivo das cámaras e os sistemas asociados.
8. A adecuación de infraestruturas nos 12 novos centros xestionados por RETEGAL: reforzo e instalación de torres, reforzo da subministración eléctrica, elevación de pararraios, así como o equipamento e instalacións necesarias para o aseguramento do servizo de enerxía tales como rectificadores, inversores, baterías ou adaptacións dos cadros eléctricos.



A necesidade de centros, equipos e/ou tecnoloxías adicionais formalizárase polas partes por escrito, autorizando RETEGAL a instalación e prestación das actuacións que constitúen o obxecto do presente convenio sempre que non se produzan incompatibilidades ou interferencias radioeléctricas que afecten a outros servizos de transporte, distribución ou difusión prestados dende os ditos centros por parte de RETEGAL. A estes efectos, RETEGAL valorará a petición de novos servizos que deberán ser autorizados pola Comisión de Seguimento e ratificaranse mediante as correspondentes addendas.

SEGUNDA. - COMPROMISOS DAS PARTES.

COMPROMISOS COMÚNS A TODAS AS PARTES:

Con carácter xeral, as partes obríganse a cumprir cantas disposicións comunitarias e nacionais lle resulten aplicables derivadas da natureza FEADER dos fondos que cofinancian as actuacións previstas neste convenio, así como a permitir e facilitar as auditorías e comprobacións necesarias para verificar o cumprimento da normativa aplicable. Dentro das obrigas derivadas da cofinanciación con fondos FEADER, as partes, en especial, asumen como obrigas as seguintes:

- Obrigas de subministro de información

De conformidade ao establecido no Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da Política Agrícola Común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e polo que se derrogan os Regulamentos (UE) 1305/2013 e (UE) 1307/2013, as partes proporcionarán á Autoridade de Xestión, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa.

Así mesmo, as partes teñen obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas ou no seu caso polas institucións comunitarias que llo requiran no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

- Plan de controis.

A execución das actividades obxecto do convenio está suxeita ao plan de controis establecido, de acordo coas disposicións regulamentarias prescritas para os controis dos fondos cofinanciados polo Feader, en concreto:

- O Regulamento de Execución (UE) 2022/128 da Comisión do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello sobre os organismos pagadores e outros órganos, a xestión financeira, a liquidación de contas, os controis, as garantías e a transparencia.



- O Real decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan estratéxico e outras axudas da política agrícola común.

As partes comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen pola Amtega. Igualmente aceptan someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Consello de Contas, Tribunal de Contas e demais órganos nacionais ou comunitarios que teñan encomendada a fiscalización e control das axudas cofinanciadas polo Feader. Ademais, as partes levarán un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ás operacións relacionadas coas actuacións do convenio e que son financiadas con fondos Feader.

- Publicidade Feader

Todas as actividades de información e publicidade relacionadas cos fondos FEADER deberán levarse a cabo de acordo co disposto no Regulamento de Execución (UE) 2022/129 da Comisión, do 21 de decembro de 2021, polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, o algodón e os subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC e na Instrución ARX PEPAC 01/2023 Información, Publicidade e Visibilidade.

COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

A Consellería do Medio Rural asume como obrigas as seguintes:

- Executar a operación funcional da Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.
- Financiar as actuacións precisas para a instalación inicial necesaria para o despregamento da Rede de vixilancia de espazos forestais de Galicia. As ditas actuacións estarán cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- Financiar o importe anual correspondente ao servizo de albergamento e mantemento da infraestrutura despregada de conformidade co establecido na cláusula quinta do presente convenio.
- Realizar todos os controis que recolla a normativa de aplicación ao fondo FEADER en todas as actuacións cofinanciadas por este fondo.
- Constituírse como responsable do tratamento de datos persoais respecto ás eventuais imaxes captadas e a establecer os mecanismos e/ou procedementos axeitados para a operación funcional do sistema.

COMPROMISOS DA AMTEGA

A AMTEGA asume como obrigas as seguintes:

- Coordinar tecnoloxicamente o despregamento da Rede de vixilancia de espazos forestais de Galicia, coa finalidade de garantir o emprego de tecnoloxía madura no mercado en aras a unha óptima



efectividade, tal forma que permita a incorporación posterior de tecnoloxías innovadoras no ámbito da detección temperá de incendios e/ou vixilancia proactiva dos espazos forestais.

- Financiar as actuacións precisas para garantir a conectividade necesaria para a efectiva visualización das imaxes nos respectivo/s centro/s de control.
- Establecer as medidas tecnolóxicas necesarias para a integración da información na plataforma corporativa para a xestión da prevención de incendios, así como no sistema de información xeográfica da Xunta de Galicia.
- Xestionar a posta a dispor, en base ás directrices corporativas, dos medios tecnolóxicos necesarios para garantir a operación do sistema por parte dos axentes que defina a Consellería do Medio Rural.
- Definir os criterios que deben seguirse na posta en marcha e operación deste proxecto nos aspectos relativos a seguridade e protección de datos de carácter persoal.

COMPROMISOS DE RETEGAL.

RETEGAL asume como obrigas as seguintes:

- Levar a cabo a instalación, mantemento e operación técnica dos elementos tecnolóxicos necesarios para a vixilancia dos espazos forestais galegos, dos elementos de fixación e gravación, do software de xestión, do software de integración GIS, da encriptación das imaxes, así como a mellora de enlaces e elementos necesarios nas infraestruturas indicadas no Anexo I
- Cumprir criterios que a AMTEGA, na súa condición de coordinador tecnolóxico do proxecto, poida establecer
- Facilitar o albergamento en torre con acceso ao punto de enerxía e a conectividade necesaria nos centros reseñados no Anexo I.
- Achegar á Consellería do Medio Rural e á Amtega a documentación xustificativa das actuacións realizadas e servizos prestados ao abeiro do presente convenio.

TERCEIRA. - RÉXIME PATRIMONIAL

A titularidade das infraestruturas e redes obxecto deste convenio é pública, formando parte do patrimonio da Xunta de Galicia, sendo xestionadas polo operador público de telecomunicacións RETEGAL.

As ditas infraestruturas e redes estarán aseguradas polas pólizas que ao efecto teña contratadas a Xunta de Galicia ou, no seu caso, RETEGAL.

CUARTA. - MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS

RETEGAL, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio.



RETEGAL deberá contar, cos medios propios necesarios para poder realizar as actividades previstas neste convenio, podendo realizar as adquisicións e encargar os servizos externos necesarios para lograr os obxectivos establecidos, sempre e cando non conte cos medios precisos para levalos a cabo.

Os contratos que deba celebrar RETEGAL para a realización dos traballos obxecto do presente Convenio quedarán sometidos á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, nos termos que sexan procedentes de acordo coa natureza da entidade que os celebra e ao tipo e contía dos mesmos. En todo caso, cando se trate de contratos de obras, servizos e subministrados cuxas contías superen os mínimos establecidos na Sección 2ª do Capítulo II do Título preliminar da Lei 9/2017, as entidades de dereito privado deberán observar para a súa preparación e adxudicación as regras establecidas nos artigos 317 e 318.

RETEGAL ten a consideración de poder adxudicador, de acordo co establecido no artigo 49 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

QUINTA. - FINANCIAMENTO

A Consellería do Medio Rural e a AMTEGA financiarán as actuacións previstas neste convenio ata un importe máximo de **2.225.165,37 €**, con cargo ás seguintes partidas orzamentarias:

Organismo	2025	2026	2027
AMTEGA (Conectividade) – IVE incluído Ap. Orzamentaria: 10.A1.571A.640.0 Proxecto: 2014 00001	38.129,36 €	252.545,09 €	220.357,97 €
Consellería do Medio Rural (Albergamento, enerxía e mantemento infraestruturas) – IVE incluído Ap. Orzamentaria: 15-02.551B.626.1 Proxecto: 2015 00666	59.091,37 €	370.229,59 €	357.110,90 €
Consellería do Medio Rural FEADER + Cofinanciación (instalación inicial) – IVE incluído Ap. Orzamentaria: 15-02.551B.626.1 Proxecto: 2024 00213	40.535,00 €	887.166,09 €	0 €
Total	137.755,73 €	1.509.940,77 €	577.468,87 €

As actuacións correspondentes á instalación inicial cofinanciaranse parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023_2027 (PEPAC), con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.551B.626.1, código de proxecto 2024 00213. A porcentaxe de



cofinanciamento do dito fondo será dun 80% do gasto público total elixible, a cantidade restante cofinanciarase nun 16% pola Administración Xeral do Estado (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación) e nun 4% pola Xunta de Galicia, no marco da intervención 68812_Investmentos forestais en prevención de danos e, dentro dela na subintervención 68812_06, Comunicaciones. Vixilancia, zonas de aterraxe e investigación incluída no Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC) de España para a axuda da Unión financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2022) 6017 final, do 31 de agosto de 2022, e as súas modificacións, que deron lugar á versión vixente do PEPAC aprobada por Decisión de Execución da Comisión C (2025) 5713 final, do 14 de agosto de 2025.

A Consellería do Medio Rural e a AMTEGA achegarán o importe correspondente a cada anualidade a RETEGAL, previa xustificación da realización das actividades descritas neste convenio e mediante presentación de factura e documentación xustificativa dos traballos realizados, que deberá ser certificada de conformidade pola Consellería do Medio Rural. A dita xustificación deberá ser presentada antes do 20 de decembro de cada anualidade, agás na anualidade de 2027, na que deberá ser presentada antes do 20 de outubro.

A achega correspondente aos servizos de albergamento e conectividade realizarase por anos vencidos e realizarase aos trinta (30) días seguintes da data da factura.

A achega correspondente á instalación inicial do equipamento realizarase previa presentación de factura e documentación xustificativa dos traballos realizados por parte de RETEGAL, que deberá ser certificada de conformidade pola Consellería do Medio Rural.

Os pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteña lucro ningún.

SEXTA. - COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para a posta en marcha e o control de actividades que se realicen en aplicación do presente convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento que se reunirá, polo menos, unha vez ao ano, así como cando o solicite unha das partes, constituída do seguinte xeito:

Pola Consellería do Medio Rural:

- O Director xeral de Defensa do Monte ou persoa en quen delegue/que a substitúa.
- O Subdirector xeral de Extinción ou persoa en quen delegue/que a substitúa.

Pola AMTEGA:

- O Director da Amtega, ou persoa en quen delegue.
- O Director da área de Sociedade Dixital ou persoa que o substitúa.

Por RETEGAL:

- A Director xerente de RETEGAL, ou persoa que o substitúa.



- O Director técnico de RETEGAL, ou persoa que o substitúa.

Exercerá a Presidencia da Comisión de Seguimento o director da Amtega ou persoa en quen delegue e actuará como secretario da Comisión, con voz pero sen voto, un funcionario da AMTEGA cun nivel mínimo de xefe de servizo.

Ao final de cada anualidade a comisión de seguimento xerará un informe de estado e cumprimento anual do obxecto do presente Convenio.

Adicionalmente, a Comisión de Seguimento resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que deriven do convenio, poderá propoñer melloras e modificar as actuación previstas, tras o consentimento das partes e sempre que non supoñan unha alteración substancial do obxecto deste convenio. Calquera modificación que se acorde neste sentido deberá reflectirse por escrito nunha Addenda que se someterá á sinatura dos seus membros.

SÉPTIMA. - DURACIÓN DO CONVENIO E PRÓRROGA

A duración deste convenio será dende a data da sinatura e rematará o 31 de outubro de 2027, sen prexuízo da súa prórroga expresa, formalizada con antelación a finalización do período correspondente e tramitada conforme ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA. - RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase por:

- Incumprimento das cláusulas que o regulan.
- Transcurso do tempo estipulado.
- Mutuo acordo das partes asinantes.
- Calquera outras causas de resolución previstas no ordenamento xurídico.

NOVENA. - MODIFICACIÓN

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.

DÉCIMA. - PROTECCIÓN DE DATOS

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO PRIMEIRA. - INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL



A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais de Retegal que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Consellería do Medio Rural e a AMTEGA.

DÉCIMO SEGUNDA. - NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Este Convenio rexerá polas súas propias cláusulas. Para todo o non previsto nas súas cláusulas estarase ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE nº 236 do 2 de outubro), no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e execución do presente Convenio e non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta, resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para los conflitos de atribucións.

DÉCIMO TERCEIRA. - PUBLICIDADE

As partes deste convenio consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e do resto das especificacións contidas nel, nos rexistros públicos que proceda, de acordo co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Este convenio de colaboración será obxecto de publicidade na páxina web de cada unha das partes asinantes, con expresión das súas contías e finalidade, de acordo co disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Neste sentido, as partes asinantes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade esixida.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración no lugar indicado no encabezamento.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio no lugar e data da sinatura dixital.



A Conselleira do Medio Rural

O Director da AMTEGA

M^a José Gómez Rodríguez

Julián Iglesia Cerviño

A Directora Xerente de RETEGAL

María Pilar Chapela Villanueva



ANEXO I. RELACIÓN DE CENTROS

Nº	Centro	Concello	Prov	FASE	ALBERGA- MENTO E CO- NECTIVIDADE
1	BAILADORA	ARES	AC	ACTUAL	SI
2	CULLEREDO	CULLEREDO	AC	ACTUAL	SI
3	CARBALLO	MALPICA DE BERGANTIÑOS	AC	ACTUAL	SI
4	MUROS	MUROS	AC	ACTUAL	SI
5	COUCE-PENIDO	ORTIGUEIRA	AC	ACTUAL	SI
6	PEDROSO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	AC	ACTUAL	SI
7	VIMIANZO	VIMIANZO	AC	ACTUAL	SI
8	A FONSAGRADA I	A FONSAGRADA	AC	ACTUAL	SI
9	COVA DA SERPE	FRIOL	LU	ACTUAL	SI
10	LUGO II	LUGO	LU	ACTUAL	SI
11	MONDOÑEDO	MONDOÑEDO	LU	ACTUAL	SI
12	XISTRAL	MURAS	LU	ACTUAL	SI
13	NAVIA DE SUARNA III	NAVIA DE SUARNA	LU	ACTUAL	SI
14	O PÁRAMO	O PÁRAMO	LU	ACTUAL	SI
15	PEDRAFITA	PEDRAFITA DO CEBREIRO	LU	ACTUAL	SI
16	A BOLA	A BOLA	OU	ACTUAL	SI
17	A GUDIÑA	A GUDIÑA	OU	ACTUAL	SI
18	VIANA DO BOLO	A VEIGA	OU	ACTUAL	SI
19	LAROUCO	BALTAR	OU	ACTUAL	SI
20	SEMINARIO	BARBADÁS	OU	ACTUAL	SI
21	VERÍN	CASTRELO DO VAL	OU	ACTUAL	SI
22	CENLLE	CENLLE	OU	ACTUAL	SI
23	CHANDREXA DE QUEIXA II	CHANDREXA DE QUEIXA	OU	ACTUAL	SI
24	LOBIOS	LOBIOS	OU	ACTUAL	SI
25	MEDA	MONTEDERAMO	OU	ACTUAL	SI
26	BANDE	MUIÑOS	OU	ACTUAL	SI
27	SOBRADELO	RUBIÁ	OU	ACTUAL	SI
28	CONFURCO	SAN CRISTOVO DE CEA	OU	ACTUAL	SI
29	ARBO	ARBO	PO	ACTUAL	SI
30	XIABRE	CATOIRA	PO	ACTUAL	SI
31	LALÍN	LALÍN	PO	ACTUAL	SI
32	DOMAIO	MOAÑA	PO	ACTUAL	SI
33	BARBUDO	PONTE CALDELAS	PO	ACTUAL	SI
34	TUI	TUI	PO	ACTUAL	SI
35	MURALLA	RIANXO	AC	ACTUAL	SI



Nº	Centro	Concello	Prov	FASE	ALBERGA- MENTO E CO- NECTIVIDADE
36	MANZANEDA	MANZANEDA	OU	ACTUAL	SI
37	MONTERREI	OÍMBRA	OU	ACTUAL	SI
38	VILARIÑO DE CONSO 2	VILARIÑO DE CONSO	OU	ACTUAL	SI
39	XINZO DE LIMIA	OS BLANCOS	OU	ACTUAL	SI
40	TABOADA	TABOADA	LU	ACTUAL	SI
41	FOLGOSO DO CAUREL	QUIROGA	LU	ACTUAL	SI
42	CAÑIZA	A CAÑIZA	PO	ACTUAL	SI
43	ZAS PICO MEDA	ZAS	AC	ACTUAL	SI
44	FORCAREI	FORCAREI	PO	ACTUAL	SI
45	COTO DO PILAR	MELIDE	AC	ACTUAL	SI
46	CUROTA (A)	POBRA DO CARAMIÑAL	AC	ACTUAL	SI
47	MAZARICOS	MAZARICOS	AC	ACTUAL	SI
48	FARO	CHANTADA	LU	ACTUAL	SI
49	FOLGOSO DO CAUREL 2	FOLGOSO	LU	ACTUAL	SI
50	CARBALLIÑO (O)	CARBALLIÑO (O)	OU	ACTUAL	SI
51	CHANDREXA DE QUEIXA	CHANDREXA DE QUEIXA	OU	ACTUAL	SI
52	LARDEIRA	CARBALLEDA VALDEORRAS	OU	ACTUAL	SI
53	MONTERREI 2	MONTERREI	OU	ACTUAL	SI
54	VILARIÑO DE CONSO	VILARIÑO CONSO	OU	ACTUAL	SI
55	CALVOS DE RANDIN 1	CALVOS DE RANDÍN	OU	ACTUAL	SI
56	COVELIÑO	COVELO	PO	ACTUAL	SI
57	CRECENTE	CRECENTE	PO	ACTUAL	SI
58	NIGRÁN	NGONDOMAR	PO	ACTUAL	SI
59	TOMIÑO	TOMIÑO	PO	ACTUAL	SI
60	QUIROGA	QUIROGA	LU	ACTUAL	SI
61	SAN SIMÓN	MONTERROSO	LU	ACTUAL	SI
62	PENAFEIXA	MONFERO	AC	ACTUAL	SI
63	CERVANTES	CERVANTES	LU	ACTUAL	SI
64	O BARCO	BARCO O	OU	ACTUAL	SI
65	CALVOS DE RANDÍN 2	CALVOS DE RANDÍN	OU	ACTUAL	SI
66	IRIXO	IRIXO O	OU	ACTUAL	SI
67	LAZA	LAZA	OU	ACTUAL	SI
68	NOGUEIRA DE RAMUÍN	NOGUEIRA DE RAMUÍN	OU	ACTUAL	SI
69	VIANA DO BOLO 3	VIANA DO BOLO	OU	ACTUAL	SI
70	A GUARDA	GUARDA A	PO	ACTUAL	SI
71	MONFORTE	MONFORTE	LU	ACTUAL	SI
72	VAL DO DUBRA	VALDODUBRA	AC	ACTUAL	SI
73	COTO DO CASTRO	TOÉN	OU	ACTUAL	NON
74	SANTA CECIA	ROIS	AC	ACTUAL	NON
75	OIMBRA	OÍMBRA	OU	ACTUAL	SI
76	PICOÑA	SALCEDA DE CASELAS	PO	ACTUAL	SI
77	AS PONTES	AS PONTES DE GARCIA RODRI- GUEZ	AC	ACTUAL	SI
78	MONDARIZ	MONDARIZ	PO	ACTUAL	SI



Nº	Centro	Concello	Prov	FASE	ALBERGA- MENTO E CO- NECTIVIDADE
79	OZA CESURAS 1	OZA CESURAS	AC	12 NOVOS CENTROS	SI
80	PORTO DO SON	PORTO DO SON	AC	12 NOVOS CENTROS	SI
81	CEE	CEE	AC	12 NOVOS CENTROS	SI
82	VALADOURO	VALADOURO	LU	12 NOVOS CENTROS	SI
83	FONSAGRADA 2	FONSAGRADA	LU	12 NOVOS CENTROS	SI
84	LANCARA	LÁNCARA	LU	12 NOVOS CENTROS	SI
85	AVION	AVIÓN	OU	12 NOVOS CENTROS	SI
86	BAÑOS DE MOLGAS	BAÑOS DE MOLGAS	OU	12 NOVOS CENTROS	SI
87	SAN XOAN DE RIO	SAN XOÁN DE RÍO	OU	12 NOVOS CENTROS	SI
88	BAIÑA	AGOLADA	PO	12 NOVOS CENTROS	SI
89	NEVES (AS)	AS NEVES	PO	12 NOVOS CENTROS	SI
90	XESTEIRAS	CUNTIS	PO	12 NOVOS CENTROS	SI
91	1502 BA CASTROMAIOR	ABEGONDO	AC	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
92	1505 BA LOMBA	SANTA COMBA	AC	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
93	2707 BA BECERREÁ	BECERREÁ	LU	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
94	2708 BA DOADE	SOBER	LU	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
95	2708 BA MARROXO	MONDORTE DE LEMOS	LU	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
96	2709 BA PORTOMARÍN	PORTOMARÍN	LU	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
97	3211 BA BEARIZ	BEARIZ	OU	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
98	3212 BA A MERCA	A MERCA-TOÉN	OU	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
99	3213 BA O BARCO	BARCO DE VALDEORRAS (O)	OU	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
100	3213 BA SAN XOÁN DE RÍO	SAN XOÁN DE RÍO	OU	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
101	3214 BA TÁMEGA	VERÍN-OIMBRA	OU	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
102	3214 BA VILAMAIOR	VERÍN	OU	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
103	3215 BA XURÉS	MUÍÑOS	OU	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
104	3616 BA LALIN	LALÍN	PO	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
105	3617 BA QUEIMADELOS	MONDARIZ	PO	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
106	3619 BA CAMPIÑO	PONTEVEDRA	PO	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
107	ALMACÉN CENTRAL BO- TOS	LALÍN	PO	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
108	CILL TOÉN	TOÉN	OU	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON
109	BÚO RIANXO	RIANXO	AC	19 NOVAS BASES AÉ- REAS	NON

